

## **CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A FUNDACIÓN EUGENIO GRANELL PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAS**

Dunha parte, José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Doutra, María Goretti Sanmartín Rei, presidenta do Padroado da Fundación Eugenio Granell, con CIF G15520422, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, tal como figuran nos arquivos desta consellería.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

### **EXPOÑEN:**

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro de ese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude desenvolve unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar



unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

A Fundación Eugenio Granell ten como propósito o estudo da obra de Granell, o Surrealismo e correntes afíns. Con este propósito fanse exposicións temporais e outras nas que se dan a coñecer os diferentes fondos do museo. A Fundación compaxina a exhibición e promoción da obra de Eugenio Granell, co apoio a outros artistas galegos, sempre dentro dos esquemas do surrealismo e correntes afíns.

A Fundación Eugenio Granell presenta un amplo e rigoroso programa de exposicións para o ano 2026, deseñado co propósito de consolidar a súa misión de difusión e enriquecemento cultural. Este obxectivo materialízase non só arredor da figura de Eugenio Granell e do movemento surrealista, senón tamén a través dunha decidida aposta pola diversidade, mediante iniciativas dirixidas a públicos heteroxéneos e sustentadas nun firme compromiso coa arte contemporánea.

Neste marco, preténdese dar continuidade á investigación das distintas coleccións do museo, co fin de incorporar novas perspectivas e contribuír á actualización do legado histórico da institución. Os comisariados específicos propostos afondan na relevancia patrimonial das coleccións desde a análise plástica, arquivística e interdisciplinar, convertendo o espazo institucional nun ámbito de coñecemento no que o público poida acceder a novos enfoques críticos e fomentar a xeración de pensamento desde a diversidade.

O proxecto expositivo que se presenta artículase en torno a varios obxectivos fundamentais. En primeiro lugar, destácase a vontade de promover novas interpretacións do patrimonio da Fundación mediante a análise das coleccións vinculadas ao legado de Eugenio Granell. A través dunha mostra que actualiza a



súa biblioteca e o seu arquivo en relación coa obra plástica, examínanse diversas etapas vitais do autor, co acento posto no exilio, na implicación política, na relación co surrealismo e nas achegas aos ámbitos literario, cinematográfico e interdisciplinar que completan o seu discurso creativo.

En segundo lugar, sublíñase a relevancia da obra de Amparo Segarra, abordada desde unha perspectiva que permite profundar nunha mirada feminina que, partindo do papel couché, formula as reivindicacións dun feminismo doméstico no que o material se converte nun instrumento de acción orientado a abrir camiños cara á igualdade. Este bloque inicial complétase coa presenza do artista Philip West, cuxa obra analiza a tensión entre o inconsciente individual e as estruturas sociais que condicionan a experiencia das mulleres, en coherencia cos postulados da teoría feminista contemporánea que conciben o corpo como un territorio político.

O programa anual inclúe, ademais, unha serie de exposicións que reforzan unha liña curatorial baseada nas relacións entre as prácticas artísticas contemporáneas e os discursos que estas desenvolven. Neste sentido, salientan as propostas de Sergio Marei, Félix Fernández, Alejandra Pombo Sú e Santiago Talavera. Trátase de cinco visións que dialogan cos principios institucionais do museo e que apostan por proxectos persoais formulados desde o risco, a experimentación e a reflexión crítica. As súas obras abordan cuestións como o político, a relación arte-vida, o xénero, as identidades LGBTQ+, o feminismo, a conciencia ecolóxica, a interacción do corpo co territorio, as ruralidades e a vinculación dos artistas coas estruturas institucionais, mediáticas e coas dinámicas de mercado.

A programación deseñouse para un público amplo e diverso. Neste sentido, establécense estratexias orientadas a atraer persoas de distintas idades, colectivos e asociacións, así como público especializado ou vinculado ao ámbito académico. A oferta contempla tamén a participación de alumnado de todos os niveis educativos, desde a educación primaria ata a universidade. A institución procura crear pontes entre a produción artística e a sociedade a través de distintos



mecanismos de mediación que faciliten o achegamento ao contexto local e fomenten a participación cidadá no proceso creativo, con especial atención a colectivos en risco de exclusión ou con dificultades de acceso á cultura.

Desde esta perspectiva, configúranse exposicións de artistas contemporáneos que traballan desde o contexto e reflexionan sobre as problemáticas e inquietudes da sociedade actual, co obxectivo de que calquera persoa visitante poida atopar un espazo de identificación e recoñecemento.

Finalmente, o programa complétase cun apartado dedicado ás vangardas históricas, que inclúe dúas exposicións de especial relevancia. A primeira delas, centrada na figura de Carlos Maside en diálogo coa de Xulio Maside, propón unha lectura comparada que permite establecer unha conversa interxeracional sustentada no vínculo familiar e na coherencia formal das súas traxectorias. A segunda exposición, dedicada a Fausto Isorna, aborda a colaxe como técnica referencial e explora a relación entre corpo e espazo, as posibilidades significantes dos obxectos e a construción dun universo onírico que remite directamente ao legado dos e das artistas surrealistas.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

O convenio ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Fundación Eugenio Granell para a realización de actividades culturais.

Actuacións. Orzamento total: 12.000,00 €.

- **Exposición do artista Santiago Talavera** dentro do proxecto "Artista en residencia" na súa X Edición encadrada na programación do 26 no marco das exposicións que reforzan unha liña curatorial baseada nas relacións entre as



prácticas artísticas contemporáneas e os discursos que estas desenvolven.

- **Actividade "A miña peza favorita"**, unha actividade de difusión dos fondos da Fundación que contará, este ano, con colaboradores como: Ortiga, Mónica Alonso, María Von Touceda.
- A Fundación segue apostando polas actividades didácticas para adultos e nenos que supoñan, como no caso das sesións de Manuela Diaz coas "**Clases abertas de teatro**", experiencias transformadoras a nivel persoal e social incidindo na importancia da cultura no ámbito emocional.

ACTIVIDADE 1: Exposición sobre o artista Santiago Talavera. Custo: 8.557,03 €

Concepto	Capítulo IV	Capítulo VII
Honorarios/prestación de servizos do artista		724,74€
Gastos de coordinación de exposición e visitas guiadas	2.717,72 €	
Recepción e atención ao usuario e elaboración de material divulgativo	1.528,70 €	
Montaxe de exposición e vixilancia de salas	1.047,32€	
Gastos de material de montaxe e difusión da mostra (pintura, iluminación, impresión de material de difusión...)		219,62 €
Gastos de seguro de mostra		370,00 €
Revisión, conservación e rexistro das obras obxecto da mostra	1.682,38 €	
Gastos de vixilancia profesional durante a mostra		266,55 €
<b>Total</b>	<b>6.976,12€</b>	<b>1.580,91€</b>



**ACTIVIDADE 2: A miña peza favorita. Custo: 2.702,06 €**

Concepto	Capítulo IV	Capítulo VII
Coordinación da actividade	873,57 €	
Honorarios conferenciantes		525,44 €
Revisión, rexistro e posta a disposición das obras obxecto da actividade	757,08 €	
Recepción e atención ao usuario e elaboración de material divulgativo	545,97 €	
Total actividade	2.176,62 €	525,44 €

**ACTIVIDADE 3: Taller de teatro de Manuela. Custo: 740,91 €**

Concepto	Capítulo IV	Capítulo VII
Honorarios da autora		600,00 €
Publicidade e difusión		140,00 €
Total		740,91 €

As labores de montaxe, recollida vixilancia de salas (salvo vixilancia profesional), visitas guiadas, coordinación, elaboración de material divulgativo e recepción e atención de participantes e usuarios, revisión, conservación e rexistro, obxecto do convenio, están vinculados a unha porcentaxe dos gastos xerados polo persoal da fundación adicado, de forma directa a realización destas actividades.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, directamente vinculadas aos fins fundacionais da entidade destacando o seu carácter singular e de interese público. As actuacións están adaptadas á singularidade da entidade coa finalidade de promover o



surrealismo, correntes afíns a figura de Eugenio Granell e os fondos museográficos e bibliográficos da Fundación.

Por todo o anterior é a Fundación Eugenio Granell a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2026, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

### **SEGUNDA.- Obrigas da Fundación Eugenio Granell**

A Fundación Eugenio Granell comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A Fundación deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A Fundación ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

De acordo co artigo 38.3 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego e co artigo 37.5 do Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o



Regulamento do Rexistro de Fundacións de Interese Galego, con anterioridade á sinatura do convenio, será requisito indispensable atoparse ao día no cumprimento das obrigas de presentación das contas do padroado, o cal se acreditará cunha declaración responsable do órgano competente da entidade.

A Fundación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a Fundación deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

A Fundación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

### **TERCEIRA.- Financiamento e compatibilidade**

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a aboar a cantidade de 12.000 €, 9.152,74 € con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.481.2 e 2.847,26



€ con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.781.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, código de proxecto 2015 00372.

Esta cantidade, 12.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula primeira, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

#### **CUARTA.- Xustificación dos gastos e pagamento**

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso,



da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 20 de decembro de 2026.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Fundación presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite establecida e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Indicar o número de asistentes.
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
  - ✓ Unha relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e ao final, o total dos gastos.
  - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso de non ter solicitado e/ou non ter recibido outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, deberán de presentar unha declaración responsable neste sentido.
- Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou



compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. Na xustificación deberase indicar si son ou non susceptibles de recuperación.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.

#### Subcontratación:

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso queda fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2026, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Fundación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.



Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

#### **QUINTA.- Pagamentos anticipados e á conta**

No caso da achega con cargo á aplicación 13.03.432B.481.2, 9.152,74 €, a Fundación poderá solicitar pagos anticipados de ata o 80% como máximo, segundo o disposto no artigo 63.1.1 do Regulamento de subvencións de Galicia; neste caso o importe máximo que poderán solicitar será de 7.322,19 €.

No caso da achega con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.781.1, 2.847,26 € a Fundación poderá solicitar pagos anticipados de ata o 50% como máximo segundo o disposto no artigo 63.1.2 do Regulamento de subvencións de Galicia; neste caso o importe máximo que poderán solicitar será de 1.423,63 €.

No caso de que a Fundación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

A Fundación tamén poderá solicitar pagos a conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O importe conxunto dos pagos a conta e dos pagos anticipados que se concedan non poderá exceder do 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

#### **SEXTA.- Comisión de Seguimento**



Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e pola presidenta do Padroado da Fundación Eugenio Granell.

### **SÉTIMA.- Causas de resolución e modificación do convenio**

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico:

*"Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade e financeira.*

*Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."*

### **OITAVA.- Publicidade e rexistro do convenio**

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Fundación Eugenio Granell acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

### **NOVENA.- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais**

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

### **DÉCIMA.- Administración dixital**

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019),



que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición**

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica**

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa



Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia**

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2026.

### **DÉCIMO CUARTA.- POSIBILIDADE DE DESISTENZA DO CONVENIO**

A Administración da Comunidade Autónoma poderá desistir da tramitación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude

A presidenta do Padroado da Fundación Eugenio Granell

José Carlos López Campos

María Goretti Sanmartín Rei

